

Consorcio de Augas do Louro

o ciclo integral da auga



O Consorcio de Augas do Louro da servizo a 59.000 habitantes e máis de 21.500 vivendas.

Por riba de todo

O noso compromiso é asegurarlles, cada día, a todos os cidadáns de cada municipio que xestionamos, a distribución e a calidade da auga. Os mellores profesionais dotados cos equipos máis modernos, traballan para acadalo.

Preto de ti

As nosas actuacións sempre perseguen optimizar recursos, solucionar rapidamente os problemas, realizar as reparacións no menor tempo posible e atender e informar o usuario puntualmente.



Consorcio de Augas do Louro



aqualia civisglobal

aqualia civisglobal

Ciclo Integral da Auga



A auga é aparentemente un produto natural. Pero para que os consumidores poidan dispor con continuidade de auga de calidade, esta debe ser obxecto dunha vixilancia permanente por parte de profesionais especializados que interveñen ao longo do Ciclo integral da Auga.

O Ciclo Integral da Auga define a evolución e as distintas etapas que implica a xestión do abastecemento e o saneamento da auga a poboacións.

Para un mellor servizo

O Consorcio dispón dos recursos máis modernos e a capacidade idónea para a xestión da auga.

Para coidar a calidade da auga

Cun concepto integral das plantas de tratamento, aplicamos as normativas sanitarias nacionais e internacionais cun asesoramento permanente.



Para controlar e aproveitar os recursos

Optimizando o uso dos recursos hidráulicos con estudos e diagnósticos e co mantemento e a mellora das instalacións de captación.

En atención ao cliente

A nosa filosofía está orientada ao cliente, ao que se lle presta unha atención permanente, recollendo as súas necesidades e ofrecéndolle solucións reais.



unha xestión de principio a fin

Etapas

1. Captación e transporte da auga até a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP).
2. Proceso de potabilidade a través da Estación de Tratamento de Auga Potable para garantir a calidade sanitaria da auga para o seu consumo.
3. Distribución da auga potable mediante canalizacións até a túa casa.
4. Recollida das augas residuais a través da rede de sumidoiros.
5. Depuración das augas e retorno ao medio.

un mellor servizo

Para manter as redes

Coñecemos o funcionamento da rede, mantendo un control de caudais cos métodos máis modernos.



No control e facturación de consumos

Instalamos, renovamos e mantemos os contadores, ademais de realizar a lectura e a posterior análise do consumo.

Nunha maior información

Establecemos vías para manter informado o usuario sobre as actuacións que poidan afectar ao subministro ou ao contorno urbano.

Económica e administrativa

Mantemos unha ampla e estreita colaboración coas corporacións locais, realizando estudos financeiros e planificando as obras e as instalacións.

